



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

*Travesa dos Basquiños, 9, baixo
15.704 Santiago de Compostela
Tfno e fax: 981-570099
Correo-e: adega@adega.info*

ESCRITO DE ALEGACIONES

Fins Eirexas Santamaría, con DI XXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) NIF G-15044811, con enderezo a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños 9, baixo, 15704, Santiago de Compostela,

EXPÓN

Que no trámite de audiencia do proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras, apresentamos as seguintes,

ALEGACIONES

1. A proposta de modificación do Decreto 67/2007 é xustificado dende a administración coa necesidade de “simplificar” o procedemento administrativo de catalogación e descatalogación. Porén, dende a súa aprobación e as primeiras incorporacións, houbo con posterioridade poucas propostas. Dende a súa criazón, o catálogo actualizouse unha soa vez, en outubro de 2011. Mesmo o Comité das árbores senlleiras, organismo consultivo que debe informar sobre as solicitudes de catalogación, non se reuniu por periodos longos incumprindo mesmo a obriga legal de facelo cando menos unha vez ao ano.
2. Tendo en conta o anterior, tampouco se xustificaría a modificación do réxime de funcionamento do Comité das Árbore Senlleiras “para facer máis áxil e dinámico o procedemento de catalogación”, deixando que sexa o propio Comité (vale dicir a propia administración) a que fixe a periodicidade das reunións (art. 7.2). Entendemos que coa actual normativa, que establece unha periodicidade mínima anual para as xuntanzas ordinarias e permite a convocatoria de reunións extraordinarias, e á vista do escaso número de solicitudes de catalogación, fican minimamente cubertas as necesidades de participación pública. Compriría pois que a administración respectara a lei e convocara en tempo e forma tanto este como outros organismos consultivos de carácter ambiental, e non tiveramos que acudir ao Valedor para garantir o cumprimento da norma. Coa modificación proposta, quedaría ao abeiro da administración a convocatoria deste organismo, recurtando na práctica a participación da sociedade na tutela deste patrimonio natural. Sería ademais competencia das xefaturas provinciais requerir (ou non) de xeito facultativo (art. 6.c) o

informe do Comité sobre as solicitudes e intervencións nas árbores senlleiras que agora é preceitivo, ficando a participación pública como algo “discrecional” a criterio da administración.

3. Polo que atinxe ao réxime de protección preventiva, agora automático para todas as solicitudes de catalogación, insistimos na necesidade de non recurtalo (art. 4.bis). Como constatamos anteriormente, o número de expedientes é moi baixo e en absoluto as solicitudes poden considerarse arbitrarias. Cómpre lembrar que coa solicitude de catalogación debe achegarse un modelo normalizado con datos técnicos e unha memoria xustificativa, polo que afirmar que unha protección preventiva podería resultar “especialmente gravosa” cando as árbores ou formacións non reúnan “características ou valores para desfrutar da protección preventiva” é absurdo. A protección preventiva é unha figura provisional, que unha vez cumprido o expediente pode ser definitiva (catalogación aceptada) ou retirada (catalogación denegada). A súa función é precisamente esa: salvagardar temporalmente os valores dunha árbore ou formación que polo seu carácter de elemento singular ou localizado, podería perderse ou danarse irreversiblemente.
4. A administración pretende trasladar a tramitación e resolución dos expedientes ás xefaturas territoriais (art. 4.1) deixando a criterio do funcionariado provincial tanto a decisión sobre a catalogación ou non dunha árbore ou formación; o establecemento de medidas preventivas ou non (art. 4.bis); a solicitude de informe ao Comité ou non (art. 6.c) e as decisións sobre a xestión as árbores protexidas tais como podas e outras intervencións sen máis criterio que o que decida o xefe/a do servizo (art. 9.3 e 9.4). O descenso no nivel da toma de decisións ao rango provincial racha co criterio de harmonización a nivel galego co risco de aplicación de criterios dispares, e mesmo condicionados por intereses locais. A norma actual considera ás árbores senlleiras un patrimonio de interese galego xestionadas con criterios consensuados entre administración, universidades e representantes da sociedade, criterios que se aplican en todos os casos e en todo o territorio.
5. Finalmente, que a decisión de talar un exemplar senlleiro ou mesmo unha formación protexida coa excusa dun “risco para as persoas” ou “especial gravidade para a sanidade vexetal” dependa dunha delegación provincial e poida ser concedida por silencio administrativo (art. 9.4) e sen informe do Comité das Árbores Senlleiras, supón ao noso entender a desprotección efectiva destes singulares elementos do noso patrimonio natural.

Por todo o anteriormente exposto,

SOLICITAMOS que se teñan por presentadas estas alegacións e que se rexeite modificar o Decreto 67/2007 nos termos propostos por esta Dirección Xeral.

En Compostela, a 30 de xuño de 2014,

Asdo.: Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**SRA. DIRECTORA XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**